

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE AGOSTO DE 2014.**

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretaria accidental:

D^a. FÁTIMA CORTIZO SEIJAS.

Interventora accidental:

D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.


**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA N^o 33 DA SESIÓN
CELEBRADA O DÍA 6 DE AGOSTO DE 2014.**

Acordouse aprobar a acta N^o 33, de 6 de agosto de 2014, e proceder a súa transcripción ao libro de actas.

2.-LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse conceder prórroga de licenza de obra para a “Construción de cortes para vacún de leite” no lugar de Vilariño, parroquia de Santiso.

2.2.- Acordouse conceder licenza de obra para construción dunha fosa de xurro, no lugar de Pareizo da parroquia de Goiás, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención



Secretaría Xeral
Municipal en concepto de ICIO.

2.3.- Acordouse conceder licenza de obra para acondicionamento de local para clínica veterinaria, sita na Av. da Estación nº 28, local 4 - baixo, de Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

3.- LICENZA DE ACTIVIDADE.

3.1.- Acordouse conceder licenza de actividade para balsa de almacenamento de xurros de gando vacún, no lugar de Doade, parroquia de Doade.

4.- EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE.

4.1.- Acordouse ordenar a cesación inmediata da actividade do local sito na rúa Matemático Rodríguez, nº 7 – baixo de Lalín, e incoar expediente de reposición da legalidade respecto da citada actividade.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- En relación ao expediente de contratación denominado “SERVIZO DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DE MAQUINARIA DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE072014), acordouse clasificar as proposicións económicas presentadas e requerir diversa documentación aos licitadores que presentaron a oferta económica máis ventaxosa para cada un dos lotes.

5.2.- Acordouse adjudicar o contrato de servizos denominado “SERVIZO DE SUBSTITUCIÓN DOS GANDEIROS” (CSE092014), a XUNCOGA S.C.G., por un importe máximo anual de 10.000,00 € , IVE incluído, e un importe de 45,45 € por axente e día máis a partida de 9,54 € correspondente ao IVE.

6.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

6.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 1 e final correspondente ao mes de agosto de 2014, da obra “REPARACIÓN VARIAS NO ALBERGUE XUVENIL DE MOURISCADÉ”, presentada pola entidade CONSTRUCCIONES HNOS. MILLARES BLANCO, cun importe que se acredita para o seu abono ao adjudicatario de 57.389,72 €.



7.1. FACTURAS E CONTAS.-

7.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de 97.358,67 €.

8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.-

8.1.- Acordouse contratar coa empresa CARLOS SEIXAS S.L., o subministro de mobiliario para acondicionamento do local adicado ao Museo Galego da Marioneta, ubicado no Pazo de Liñares, con suxeición ao réxime dos contratos menores.

8.2.- Aproboouse a aprobación da devolución do importe da taxa de participación Campamento Deportivo no Mar 2014 de dúas participantes, por telo solicitado no prazo correspondente.

8.3.- Acordouse anular a liquidación aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 24 de marzo de 2014, en concepto de liquidación provisional do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) en relación á renuncia da eficacia da comunicación previa para a execución de soleira e formigón no lugar de Toxo, parroquia de Goiás.


8.4.- Acordouse solicitar á Consellería de Traballo e Benestar unha subvención, para o programa dirixido á inclusión social da poboación inmigrante, por importe de 24.175,60 €.

8.5.- Acordouse aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación Virxe das Dores de Lalín para a celebración das Festas Patronais de Lalín 2014.

8.6.- En relación ás Bases reguladoras do programa de axudas municipais para a creación de empresas no Concello de Lalín, acordouse autorizar o gasto polo importe de 12.000 euros e con cargo á aplicación orzamentaria 241.470.01 do orzamento municipal vixente.

8.7.- Acordouse corrixir o erro apreciado no acordo adoptado no punto 9.1. Facturas e contas da sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o pasado día 6 de agosto de 2014.

8.8.- Acordouse reintegrar ao Concelleiro delegado de Facenda, o importe de 45 € en concepto de gastos efectivamente realizados como consecuencia da solicitude do ISBN para a edición de libros sobre o PXOM, de acordo cos xustificantes achegados.



Secretaría Xeral

8.9.- Acordouse corrixir o erro apreciado no acordo adoptado no punto 7.3. Propostas dos Sres. Concelleiros Delegados da sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o pasado día 28 de xullo de 2014, en relación á aprobación da bonificación da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Acordouse autorizar o corte do tráfico na rúa Matemático Rodríguez o vindeiro domingo día 7 de setembro de 2014, no tramo fronte á estatua de Joaquín Loriga, en horario de 21:00 a 00:00 horas para a celebración da XXVIII Edición da Algarabía, e dar instrucións con respecto aos medios dos cales dispón o Concello para a súa posta a disposición en dita actividade.

9.2.- Acordouse autorizar á Asociación Cultural Morreu o Demo para a reprodución pública, no marco da exposición BARRIGA VERDE, DE FEIRA EN FEIRA, de diversas fotografías recollidas nos libros editados polo Concello de Lalín Lalín en fotos I e Lalín en fotos II.

9.3.- Acordouse aceptar a subvención concedida ao concello pola Consellería de Economía e Industria para o proxecto denominado “Instalación do falso teito da Praza de Abastos de Lalín”.

=====

